

UN HOME, UNHA HISTORIA, UN POBO*

Velaquí tres elementos que, pola súa interacción, non se poden considerar illadamente, xa que o home se vai definir a través da súa obra histórica sobre dun pobo co que el mesmo se sente identificado. Comentar estes tres elementos que, suposta a súa interdependencia funcional, convértense en tres factores dinámicos, é o obxectivo concreto destas verbas.

I

O home é X.R. Barreiro Fernández, profesor de Historia Contemporánea na Universidade de Galicia; hoxe en día, unha das personalidades máis sobranceiras da historiografía galega. Home de fonda e longa traxectoria como o amosan as súas publicacións: *El Carlismo gallego*, Santiago, 1976; *Los gallegos*, Madrid, 1976 (obra colectiva na que el escribe a parte máis extensa adicada á Historia política); *El levantamento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago, 1977; unha reia de artigos en revistas diversas e enciclopedias, así como comunicacións a Congresos. Hai que engadir, ademais, outras obras que neste intre están no prelo e outras que, manuscritas, aínda non viron a luz do día. De case todas elas hai referencias concretas na obra presente.

Pero o home non se define soamente polas obras escritas e as que está a escribir, senón tamén polo seu modo de facer e entende-la historia deste pobo. O Prof. Barreiro séntese vinculado ó pobo sobre o que escribe a historia. Froito desta vinculación é o seu compromiso histórico con Galicia, á cal ten que recupera-la súa conciencia histórica como pobo totalmente diferenciado doutros pobos. Froito tamén deste vínculo é a *ferventía* e paixón con que escribe esta historia, porque a sente como cousa propia, porque vai pegada a el “como a pel ó ser da persoa”. Por iso, quere facer non unha Historia de España en Galicia, senón unha Historia de Galicia, e dende Galicia (sen botar en falta as necesarias conexións cos contextos máis xerais no marco do pro-

(*) X.R. Barreiro Fernández, *Historia de Galicia*, IV. *Historia Contemporánea*, Ed. Galaxia, Vigo, 1981, 398 páxs.

ceso español, o mesmo europeo). Por iso, amósase á vez como autor e coautor dos destinos do pobo historiado, xa que vive a historia que escribe dende dentro. Todo esto supón, certamente, unha dose de subxectividade e, cecais, de parcialidade. Pero tamén hai que dicir que a neutralidade é un mito; que a obxectividade histórica redúcese (en términos kantianos) a un “ideal regulativo”.

O Prof. Barreiro escribe esta historia dende a óptica dun nacionalismo galego que, sentido e compartido, lle serve de guieiro para nordea-la súa obra no senso de que Galicia debe recupera-la súa identidade histórica, e mesmo para albisca-lo futuro dun pobo que, esnaquizado ben polo centralismo, ben polas loitas estamentarias no seu propio seo, fai falla erguer e redimir.

E preciso sinalar, así mesmo, o seu estilo historiográfico, claro, preciso, pedagóxico, científico e popular a un tempo. Non é certo que a claridade sexa sinónima de superficialidade. Con pluma mestra e estilo pulido sabe conxugar todas esas cualidades, aínda que, por razóns editoriais, teña que prescindir de infinidade de notas críticas, eruditas, e de material documental. Compre suliñar, finalmente, a súa honradía intelectual na elaboración dunha obra de carácter xeral como esta. Cita expresamente os autores das monografías que utiliza —ou das que fai precisos resumes— en determinados puntos da súa obra; menciona os traballos xa feitos —pero non publicados— e os que se están a facer; sinala aqueles puntos onde hai lagoas na documentación, ou aquelas partes que aínda están sen estudar (p. ex. a socioloxía clerical no século XIX, o papel do proletariado no proceso histórico galego, a prensa obreira —agora mesmo en fase de estudio—, o período franquista, etc.); e amosa cales son os temas e aspectos —como se pode comprobar polas citas ó longo da obra e pola propia bibliografía engadida ó remate— que proceden da súa laboura persoal, teimosa e profunda.

II

A Historia. Feita a descripción do home dende a súa obra en xeral, compre agora deterse un pouco máis na obra histórica presente, é dicir, na Historia Contemporánea de Galicia. O autor declara na introducción que vai facer un planteamento dialéctico, froito dunha “opción moi racionalizada”. Isto é certo, eponse de manifesto no artellamento e desenrolo das distintas partes de que consta a obra. Pero eu coído que, sen negar tal planteamento, o que se reflexa na estrutura da obra mesma encádrase nun marco máis xenérico, máis completo, cal sería a concepción (e explicación) da historia dende unha óptica “culturalista”, segundo a hipótese dun Malinowski (Bogdanov, como seudónimo) ou dun Kurt Lewin. Para o primeiro destes autores, calquera sociedade, organizada no tempo ou nun medio xeográfico determinado, constitúe unha totalidade dinámica, unha estrutura activa, un verdadeiro complexo orgánico no que tódolos elementos de tipo económico, social, político, científico, técnico, ético, relixioso, estético, etc., actúan como factores, como forzas dun orga-

nismo vivo. Para Kurt Lewin (dende o campo da psicoloxía estruturalista ou, segundo outros, funcionalista) o organismo humano e o seu medio ambiente (“o espacio vital”) constitúen un “campo de forzas” —no senso que estes términos teñen na física moderna—; é dicir, unha totalidade dinámica na que os elementos están sempre a actuar uns sobre os outros, creando equilibrios e desequilibrios máis ou menos permanentes.

Aplicando, pois, a hipótese “culturalista” a historia viría a dar como resultado que a causalidade non vai soamente da infraestrutura á superestructura; da economía subxacente, como causa, a ideoloxía como efecto. A historia é máis complexa e complicada. O económico xustifica e explica o social, o político, etc.; pero, á súa vez, é o dinamismo constante destes outros elementos o que xustifica o económico. Penso que a obra presente foi concebida dentro deste marco complexo. De feito na parte IV (*Ideoloxía e cultura*), despois de examina-los diversos vehículos que cada clase social empregou para manter e impoñe-la súa ideoloxía —en función duns intereses económicos— plantea a cuestión dunha cultura galega propia (frente ou paralelamente a cultura oficializada e académica); cultura do ser de Galicia como pobo diferenciado, con identidade propia, con personalidade propia. Aquí xustamente —con verbas de R. Piñeiro, autor dialecticamente non sospeitoso— fálase do poder da cultura como dunha forza ou enerxía activa que “configura constantemente a identidade de cada pobo diferenciado”. Cóstanos, doutra banda, que o autor en traballos aínda manuscritos fai explícitas referencias a Malinowski.

Pero, deixando esta matización metodolóxica que, segundo o meu entender, está no espírito que anima a obra presente, é preciso facer unha síntese das seis partes en que se artella: *A Xente* (11-23); *A Terra* (29-33); *As clases* (34-167); *Ideoloxía e cultura* (171-224); *A política* (229-355); *O franquismo* (359-382). O número de páxinas adicadas a cada unha delas non é casual; indica a importancia, e mesmo a competencia, que o autor lles concede.

1. *A Xente*

Emprega este término xenérico para mante-la mellor tradición da historiografía galega principiada no Seminario de Estudos Galegos. De feito, aínda que o término abrangue diversos aspectos (“como factor de traballo, de consumo, suxeito dunhas crenzas ou dun protagonismo político”), limítase á demografía galega contemporánea, facendo unha síntese de traballos xa publicados (especialmente de López Taboada). Segundo as curvas de poboación, a demografía galega moderna revela unha relativa modernidade que se pode representar nunha gráfica que se estende sen sobresaltos, sen crises agudas; “unha situación económica equilibrada... na que se terían verificado sen brusquedades as transformacións propias dunha economía capitalista”. Pero isto (aquí radica a paradoxa da demografía galega contemporánea) é soamente aparente. Non se poden aplicar, sen máis, a Galicia os modelos de uso internacional. O modelo demográfico galego é algo *peculiar e atípico* (hai que ter moi presente o

fenómeno da emigración). Galicia segue sendo un país subdesenrolado, “Foi a emigración —longa e xamais pechada ferida— quen impediu no século pasado as crises radicais, mantendo un difícil, pero posible, equilibrio entre recursos e poboación”. Poboación con absoluto predominio rural, da que parte tivo que emigrar —“de cada catro galegos que sobreviven un tivo que emigrar”—; emigración con resultados negativos, en canto supuxo desarraigo e ruptura de familias, renuncia á revolta, negación do dereito máis elemental da persoa a vivir na súa propia terra; en definitiva, unha forma de escravitude.

2. A Terra

Parte moi resumida, porque temas e problemas aquí mencionados serán desenrolados despois. A amplitude do tema queda reflexada na seguinte descrición, chea de forza de dinamismo: “A terra é algo mais cá codia na que nos movemos e sobre da que os devanceiros fixeron a nosa historia. A terra é tamén a granxa experimental da política de Madrid para crear cacicazgos, asegurar clientelas e domina-lo país recollendo o froito do voto nas periódicas seiturais electorais. Pero afortunadamente para nós, a terra é tamén a choiva, as sardiñas asadas, o viño acedo e a fartura do pan”. Realmente a terra enténdea —polo desenrolo feito nesta parte— no seu conxunto xeográfico, político e administrativo, con un claro alegato en favor da unidade de Galicia; a división en provincias e o tema da capitalidade —actualmente tan polémico— na cidade da Coruña (que se converteu na delegación para Galicia do estado centralista) débese a razóns puramente políticas. Os intentos de rectificación levados a cabo no século XIX e primeiro tercio do s. XX (provincialistas, federalistas, rexionalistas e nacionalistas) resultaron frustrados”. No futuro quedarán as provincias e as deputacións provinciais”.

3. As clases

E a parte máis longa e, en xeral, moi ben traballada polo autor. Comenza polos *labregos*, a clase máis numerosa, pois aínda no ano 1975 abrangue o 55% da poboación. Dende o século XIX en que abrangue o 90% da poboación ata o 1975 constátase unha manifesta decadencia do campesiñado galego. Coma as cousas non están a cambiar (a gráfica da decadencia segue), “todo fai pensar que isto durará moi pouco..., a atracción urbana e a emigración están desartellando o mundo rural..., importantes empresas agrícolas mercarán de aquí a pouco estas terras e trocarannas en granxas. Quizás sexa o único camiño e quizás mesmo sexa o mellor. Pero o historiador non pode por menos de evocar con certa nostalxia o mundo que morre en cada unha das nosas aldeas. E a Galicia de sempre que se desangra un pouco máis”. Considera logo a *drenaxe* do escedente (polos donos da terra, as contribucións do estado e da Igrexa), os comportamentos sociais, relixiosos, formas sociais de convivencia e comportamentos políticos do campesiñado galego e conclúe: “Namentres non se chegou a este intre (a resolución do problema foral no ano 1926) o campesiño galego participa na política

coa ambigüidade que lle é característica: estar sempre cos que mandan, porque, segundo a súa filosofía, mande quen mande, el ten que traballar arreo". E esta certamente unha filosofía da desesperanza, da impotencia (1).

A segunda clase estudiada son os *fidalgos* (a alta aristocracia, por vivir alonxada da súa terra, non merece ser estudiada nunha obra como esta); fidalguía que clasifica en vinculeira, eclesiástica, militar e burocrática ou de profesións liberais. A continuación trata dos alicerces do poder da fidalguía (o poder económico; o control ideolóxico sobre da universidade e sobre os postos directivos da Igrexa e das institucións; e o poder político e social). Remata coa evolución do poder da fidalguía (dende o seu poder e gloria no século XVIII, pasando pola crise ideolóxica de 1798-1814 e pola súa postura belixerante —1814-1840— co liberalismo —“que foi para eles como o cabalo de Atila, a Besta que viña barrer un estilo de vida”—, ata a derradeira resistencia (1840-1930). “Cando na Dictadura de Primo de Rivera se deciden suprimi-los foros, os fidalgos non teñen xa resistencia, desangrados como estaban pola loita agrarista” (105, 107). Sen unha visión clara da función que esta clase xogou —visión que Barreiro dá de forma xusta e admirable— non se pode comprende-la Historia contemporánea de Galicia.

O clero —o tramento do cal pode ferir algunhas mentes piedosas— vén considerado, aínda que homoxeneizado nos seus intereses coa fidalguía, como clase social diferenciada porque ten nos seus comportamentos unhas peculiaridades que é preciso sulñar: o seu poder económico, os criterios empregados para a selección do mesmo, a súa formación científica e moral, o desclasamento e a consolidación como grupo social.

Vén logo a *burguesía* da que plantexa en primeiro término o problema, ata agora non suficientemente explicado, da súa orixe ou procedencia: os cataláns (que nunca se integraron), os vascos (dos que a presenza ten aspectos moi positivos, en canto contribúen á causa da diferenciación de Galicia —Aurelio Aguirre e Manuel de Murguía eran fillos de vascos—) e a propia burguesía galega que tamén a houbo, p. ex. os García-Pan. Nos seus comportamentos sociais hai que dicir que a burguesía galega foi sempre liberal, pero en teoría, porque na práctica, cando o réxime liberal acada o poder, e se consolida, despois do 1840, os liberais galegos achéganse ó partido mode-

(1) O tema do campesinado, aquí moi resumido, foi estudiado en profundidade polo mesmo autor na súa tese de doutoramento, aínda sen publicar: *El campesinado gallego en el siglo XIX. Economía, Sociedad y Política*, Santiago, 1979, 3 tomos, pro ms. E preciso mencionar así mesmo a labouira histórica do Prof. R. Villares Paz —tamén do Departamento de Historia Contemporánea da Universidade galega—, especialmente a súa colaboración na obra colectiva *Historia de Galicia* (2 Vols. Barcelona, 1980) na que escribe as partes correspondentes a *Galicia no século XIX* e *Galicia no século XX* (II, 143-192; 255-300); e a súa tese de doutoramento: *Evolución de la estructura agraria en la provincia de Lugo (1750-1936)*, que neste intre está no prelo. E este o estudio máis fondo e miúdo que se fixo ata agora sobre o problema dos foros. Pola súa competencia en temas como os foros, a desamortización, etc., o Prof. Villares é outra personalidade imprescindible hoxe en día para a Historia contemporánea de Galicia.

rado que era o que mellor defendía os seus intereses. Desde a óptica que nordea a presente obra “a burguesía galega nunca foi galeguista” (154).

Finalmente, remata esta parte adicando algunhas páxinas ó *proletariado*. Neste punto reconece expresamente que, aínda que xa hai algún traballo feito, pero non publicado, “hai silencios mestos e inmensas lagoas”; fan falla monografías especializadas. Por iso confesa por adiantado que moitas destas páxinas teñen que ter, forzosamente, un carácter de provisionalidade. En síntese fai unha recollida de datos desde as primeiras loitas obreiras na metade do século XIX —e o espallamento das novas ideas socialistas—, pasando pola problemática do proletariado no período de 1868-85, ata o proletariado na restauración, onde se verifica un desenrolo económico e a conseguinte instalación das grandes centrais sindicais, UGT, CNT.

4. Ideoloxía e cultura

E unha parte complementaria da anterior, tal como o autor precisa con claridade: “Cales foron os vehículos utilizados por cada unha das clases para informar, adoctrinar ou impoñerse ideoloxicamente en Galicia”. En segundo término, de forma moi esquemática, porque do mesmo voltará a falar na parte seguinte (*A Política—; O galeguismo na historia*), trata do que se pode chamar ruptura ideolóxica galega: o galeguismo como solución ou fórmula ideolóxica e política máis orixinal dentro das distintas respostas que se deron en Galicia.

Os vehículos foron tres: *A Prensa; A Igrexa; O Ensino*. Se exceptuámo-la prensa obreira (sobre a cal se está a facer algún traballo) e prensa agrarista —terreno investigado por J.A. Durán—, en tódalas demais parcelas e momentos da prensa recolle sinteticamente os froitos da súa propia laboura: as diversas xeiras da prensa desde 1800 ata 1868, ano en que comenza o sexenio (1868-75); e de aquí en diante, a prensa revolucionaria, a prensa partidista —republicana, carlista e doutros partidos—; a prensa culta, as publicacións en galego, etc.

En canto a Igrexa, fai un recorrido desde os controles ideolóxicos sobre as novas ideas que se están a espallar e o abouramento de obras e autores como Aguirre, Rosalía, Vicetto e Murguía, pasando polo estudio detido dos medios de ideoloxización (o confesonario, o púlpito, as misións populares, as catequeses, o asociacionismo laico), ata a diversificación ideolóxica na época recente, aínda que para a etapa franquista (a Igrexa na II República xa foi estudada por Carballo-Magariños) fan falla monografías especializadas. Certamente a Igrexa como institución —salvando certas persoalidades esgrevias— xogou un papel negativo no desenrolo de Galicia. A Igrexa queda mal parada. Isto pode non gustar a moitos que verán na obra presente —concretamente en certas valoracións— unha forte dose de subxeitividade e, conseguintemente, de parcialidade. O autor é consciente desta obxección; pero el fai unha interpretación sobre datos, e os datos cantan.

Polo que corresponde ó ensino, nas primeiras fases utiliza os traballos de A. Cos-

ta para o ensino primario e os de Y. Turin para o ensino medio (a obra de Turin é de carácter xeral: *La educación y la Escuela en España de 1874-1902*; dá a referencia entre paréntese do autor, mais non da obra, que tampouco aparece mencionada na bibliografía final). O ensino superior é un terreo que o autor ten moi estudado (*La Ilustración en la Universidad de Santiago*, 2 tomos, Santiago, 1974, pro ms., ademais doutras pesquisas feitas noutros períodos da Universidade galega).

Como remate deste punto (ó que xa fixemos algunha referencia) plantea o problema dunha cultura propia de Galicia, á marxe da cultura oficializada e académica. Aquí fondea o autor para acadar os rasgos esenciais de Galicia como pobo diferenciado, con peculiaridades propias, con personalidade e identidade propias. A idiosincrasia do pobo galego radica no feito de ter unha cultura propia que, traducida nunha enerxía activa con baseamento popular, configura o seu ser específico. A recuperación desta identidade foise facendo ó longo do século XIX, desde o rexurdimento de 1846, con certos influxos do historicismo e do romantismo —Neira de Mosquera, Verea y Aguiar, A. Faraldo, Vicetto e Murguía— que tratan de defini-la singularidade histórica de Galicia, ata os tempos de López Ferreiro, Villaamil y Castro e outros que intentarán xa defender con criterios estritamente científicos a lexitimidade da historia galega. Ocúpase tamén da recuperación científica do idioma e da institucionalización da cultura propia (á marxe da oficialidade): A Real Academia Galega; O Seminario de Estudos Galegos; O Instituto P. Sarmiento; A fundación Penzol, e outras institucións.

5. A Política (2)

E outra das partes máis estudadas polo Prof. Barreiro, que non quere contar, certamente, unha historia de grandes personaxes, guerras, batallas, etc., senón a historia do pobo galego, unha historia da que o pobo galego foi realmente o protagonista. “Na historia política contemporánea de Galicia hai acontecementos sobranceiros como a Guerra da Independencia, a Guerra Carlista, a insurrección cantonal, a plebiscitación do estatuto, o 18 de Xullo, e hai personalidades que, por un ou por outro motivo, saltaron a un primeiro plano, como Porlier, Faraldo, Brañas, Castelao, Foucellas ou Franco, pero estes acontecementos e estas persoas para o historiador non

(2) O remate destas páxinas, acaba de aparecer unha nova obra do Prof. Barreiro: *Historia de Galicia*, Tomo XV, A Coruña, 1982. É continuación da Historia de Galicia de Vicetto e Murguía, que abrangue ata o tomo XIV. Este tomo XV —ó que seguirán aínda outros dous máis adicados á Ideoloxía-Cultura e Sociedade-Economía na Galicia contemporánea do mesmo autor— describe ó longo de cincocentas páxinas a historia política de Galicia, desde a Guerra da Independencia ata o pos-franquismo. Por iso, vén a completa-la parte correspondente a política con moitos máis datos e documentos. Suposta a urxencia desta nota, soamente queremos salientar unha cousa: entre o tomo XV e os anteriores (de Vicetto-Murguía) non hai máis ca unha relación serial ou numérica. As diferencias nos aspectos metodolóxicos e científicos son inmensas, como é lóxico.

deben ser outra cousa có expoñente de fondos desacordos sociais, dunhas radicais fracturas, é dicir, dun conflito de clases” (229).

Así concebida, a historia política contemporánea de Galicia vén desenrolada en cinco seccións (subdivididas en capítulos): *A defensa do antigo réxime*, 1800-1840 (os primeiros síntomas da fractura do consenso social, 1780-1808; A Guerra da Independencia e o período das Cortes, 1808-1814; A parcial recuperación do absolutismo, 1814-1820; O intento frustrado dun novo proceso revolucionario: o trienio constitucional, 1820-1823; A parcial recuperación do absolutismo, 1823-1833; A loita definitiva: A guerra carlista); *A difícil consolidación do liberalismo*, 1840-1875 (o progresismo no poder, 1840-43; Os moderados, 1844-54; A paréntese progresista, 1854-56; De novo a moderación, 1856-1868; O sexenio, 1868-74; A restauración, 1875-1922; O período da dictadura; a Segunda República). *O movemento agrario* (Semántica; A problemática de fondo; As xeiras do agrarismo). *O proceso electoral en Galicia* (Os resultados electorais; O control das eleccións e o caciquismo). *O Galeguismo na historia* (Bases para unha conceptualización; A evolución histórica do galeguismo —o pre-galeguismo, o provincialismo, o federalismo, o rexionalismo, As Irmandades da Fala e a Xeración Nós, O galeguismo durante a Segunda República—). Esta sinxela numeración de seccións e capítulos —outra cousa non podemos facer— dá unha imaxe da amplitude desta parte, que o autor estudia con competencia propia, aínda que sobre algúns dos temas e aspectos aquí artellados fixéronse xa traballos específicos, e outros estánse a facer.

6. O franquismo

A obra remátase con este apartado referente ó período franquista que, por se-lo máis próximo ó noso tempo, está case sen estudar. Aquí si que fan falla monografías, porque as que se fixeron ata agora ou ben teñen moi pouco valor histórico —polo seu carácter mesiánico e apoloxético—, como son as de Silva Ferreiro e Moure Mariño; ou amosan un tratamento periodístico, como é o caso da recente obra de Costa Clavel *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Madrid, 1977. O autor, consciente destas dificultades, trata de debuxar un esqueleto ou liñas esenciais deste período histórico que abrangue dende 1936, en catro puntos: O pronunciamento militar (1936); O franquismo; A oposición ó franquismo; e O nacionalismo durante o franquismo.

III

Un pobo. Xa foi salientando ó longo da presente obra e do comentario que fixemos dela. Trátase dunha historia do *pobo galego*; dunha historia da que o pobo sempre é o protagonista. Os personaxes sobranceiros, que os hai, aparecen en tanto en canto xurden de, ou pertencen, a un determinado estamento social que, anque sen

sabelo, tratan de defender. O prof. Barreiro quere que fale o pobo, sen nega-lo valor exemplificativo que o individuo poida ter nun proceso histórico determinado. “Pero estas actitudes individuais non teñen comprensión histórica se non están enmarcadas no grupo social que as fixeron posible. Non debe extrañar, xa que logo, que nesta historia só aparezan moi secundariamente, desvelados, os rostros das persoas que dende sempre encabezan as listas da lembranza histórica e que moitas veces presiden dende o seu pedestal de pedra as prazas e as rúas galegas. Quizás o que poida parecer iconoclastia política non sexa mais cá xusticia histórica” (229).

Naturalmente que a poboación estratifícase en estamentos sociais diferenciados; pero son as clases máis baixas, e máis numerosas, aquelas polas que o autor amosa a súa simpatía; aquelas que é preciso erguer. Neste senso son salientadas as figuras históricas que loitaron pola liberación do pobo galego, p. ex. o caso de Porlier (“a Coruña sempre chorou aquela morte, porque nunca é xusta a morte dos mozos e dos héroes da patria”, 248), ou dun Basilio Alvarez, aínda que, canso xa de berra-la revolta dos campesiños, acadara despois un posto no parlamento de Lerroux (“a memoria histórica de Galicia precisa que volten ós seus osos para sementar unha terra hoxe doente de grandes ideas, de esperanzas e de ilusións”, 310).

Os personaxes, pois, e os acontecementos mesmos, artéllanse sempre no seu ámbito social propio, e son valorados, positiva ou negativamente, segundo a liña que nordea esta investigación. Neste senso abundan os xuicios de valor (que outros con metodoloxías máis estreitas farían doutro xeito) non soamente sobre mortos, senón tamén sobre vivos (e a historia é máis de mortos ca de vivos, co risco de que os vivos, mentres estean vivos, poden variar nos seus comportamentos, o que levaría consigo o cambio de xuicio que sobre eles se fai nun intre dado).

Un pobo protagonista dunha historia que é preciso *coñecer* para *cambia-lo* mencionado pobo. Algo semellante, pois, á función pragmático-social do saber no cientifismo decimonónico: *saber para prover*. Penso que esta é a lección que se pode tirar da presente obra: amosa-lo *que foi* o pobo galego, e *o que puido ter sido* —se se houberan aproveitado as circunstancias favorables de certos intres históricos—, e *o que debe ser*. Certo que nestas anceios hai unha forte dose de futurismo que, hoxe por hoxe, politicamente nin esta claro nin é esperanzador. Só o futuro (aínda que pareza unha redundancia) que agarda ó pobo galego poderá dicir, polos resultados, se as canles elexidos foron axeitadas.

Cómpre, finalmente, dicir que a historia que presentamos pretende, na intención do autor, ser *integral*. Cantos máis elementos e aspectos se integren máis historia é, máis completa é. A historia *debera ser unha e única*. Pero, *integral* non quere dicir *acabada*. A historia de Galicia segue estando aberta, e precisa de novas investigacións, monografías, estudos específicos, etc., que irán enchendo as lagoas e faltas que agora existen. Por iso, esta historia, ata hoxe a máis completa no período que estudia, quere ser ó mesmo tempo un alento e un guieiro para outros historiadores. E preciso completa-la historia de Galicia. Dende fai uns anos estáanse a publicar unha rea de historias de Galicia, de carácter máis ou menos xeral (e é de xusticia sulñar que a maior parte

delas están vinculadas a distintos departamentos de historia da Universidade galega). Pero, se fan falla máis historias, estudos, monografías, etc., para acadalos altos niveis que noutros países xa se acharon —aquí queda moito camiño que andar aínda—, cómpre tamén supera-la *moda* das historias rexionais para non dexenerar nun mercantilismo histórico; cómpre evita-lo perigo de converte-la historia no “fetiche da mercancía”.

X.L. Barreiro
Marzo, 1982